

Anuncio de aprobación da relación de prazas incluídas na bolsa de emprego 2022.

O Xerente de COSMA en data 20 de xaneiro de 2022 acorda aproba-la seguinte relación de prazas a incluír na bolsa de traballo do ano 2022 e abrir un prazo de 20 días naturais para presentación de solicitudes, contados a partires do seguinte á incorporación deste anuncio na páxina web de COSMA:

POSTOS DE TRABALLO A CUBRIR. CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN CON PERIODO DE PROBA DE TRES MESES

DENOMINACION POSTO/GRUPO: Oficial 2ª Operario / Grupo 2B / Nivel 8

TITULACION REQUERIDA: Formación Profesional Grado Superior.

PROBA TEÓRICA (60 puntos): Si. Formada por unha parte xeral de 40 preguntas e unha parte específica de 20 preguntas (relacionadas co posto a cubrir). Establecendo unha puntuación mínima de 24 puntos para a parte xeral e 12 puntos para a parte específica para considerarse aprobado. Valorando con 1,00 punto cada pregunta respondida correctamente, 0,00 puntos cada pregunta non respondida e 0,25 puntos cada pregunta respondida incorrectamente.

Axúntase temario coa convocatoria.

MERITOS:

Servizos prestados (15 puntos): Computaranse como servizos prestados aqueles que teñan que ver exactamente coa categoría a ofertar, durante os últimos 6 anos. Estes servizos referiranse a posto de electromecánico en empresas nas que unha das súas actividades principais corresponda co mantemento de instalacións relacionadas coas redes de saneamento e/ou abastecemento. Incluindo dentro destes servizos o mantemento de estacións de bombeo, cadros eléctricos, instalacións de telecontrol e instalacións relacionadas coas redes de abastecemento e/ou saneamento. Valorando Servizos prestados de acordo ao especificado anteriormente, en categoría da lista da que se pretenda formar parte, ou superior: 0,25 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

Cursos (5 puntos): cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos pola administración pública ou homologados, ata un máximo de 5,00 puntos: De máis de 100 horas: 1 punto.

De máis de 70 a 100 horas: 0,75 puntos.

De máis de 40 a 70 horas: 0,50 puntos.

De máis de 15 a 40 horas: 0,35 puntos.

De menos de 15 horas: 0,20 puntos.

ENTREVISTA (20 puntos): A realizar por parte da Comisión aos 10 aspirantes que resulten con maior puntuación, unha vez computada proba teórica e méritos.

OUTROS REQUISITOS: Carne conducir B.